



# MEMORIA 2025

NUNCA ESTARÁS SOLA  
**REDMADRE**  
asociación pontevedra

Información en:  
986 192 432    [pontevedra@redmadre.es](mailto:pontevedra@redmadre.es)  
 @FundareDMADRE     [redmadre.es/galicia](http://redmadre.es/galicia)



# ACTIVIDADES REDMADRE PONTEVEDRA

## CONTIDO

<b>1</b>	<b>REDMADRE PONTEVEDRA .....</b>	<b>1</b>
1.1	Organigrama .....	1
1.2	Obxecto social .....	1
1.3	Persoas beneficiarias dos servizos .....	2
1.4	Socios/as .....	2
1.5	Recursos materiais e humanos no 2025 .....	2
<b>2</b>	<b>PROGRAMAS .....</b>	<b>3</b>
2.1	Resumo .....	3
2.2	Resumo Actuacións do Programa Nais e Fill@s e AGARIMO .....	3
2.3	Resumo Actuacións do Programa ANXELA .....	4
2.4	Fases do Programa Nais e Fill@s .....	4
<b>3</b>	<b>ASISTENCIA REDMADRE PONTEVEDRA 2025 EN CIFRAS .....</b>	<b>6</b>
<b>4</b>	<b>OUTRAS ACTIVIDADES .....</b>	<b>8</b>
<b>5</b>	<b>ENTIDADES COLABORADORAS .....</b>	<b>10</b>

## 1 REDMADRE PONTEVEDRA

REDMADRE Pontevedra é unha das 42 asociacións españolas que teñen firmado un convenio coa Fundación REDMADRE para establecer unha rede nacional de apoio ás mulleres embarazadas e nais recentes vulnerables.

**REDMADRE Pontevedra** é unha asociación de iniciativa social **sen ánimo de lucro**, aconfesional e apolítica, de **ámbito provincial** constituída en Xaneiro do 2008. Está inscrita no Rexistro de Asociacións de Galicia co nº 2008/011236-1ª PO, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-5127 e no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia co nº O-869. No 2010 foi declarada de **Utilidade Pública**.

### 1.1 Organigrama

A entidade é xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: unha Presidenta, Carmen Areses, unha Vicepresidenta, Itciar Arenas, unha Secretaria, Ana López, unha Tesoureira, Mar Novoa e tres vogais. Son designados e revogados póla Asemblea Xeral e o seu mandato ten unha duración de catro anos.

O equipo técnico da asociación no 2025 estivo formado por una traballadora social e unha psicóloga contratadas. A asociación tamén contou con 19 persoas voluntarias.

Os recursos económicos da entidade proceden das cotas das/os socia/os e as subvencións e doazóns que poida recibir no curso da súa actividade.

### 1.2 Obxecto social

O seu obxectivo principal é apoiar a mulleres embarazadas e nais recentes (con fillos de ata 3 anos) en risco de exclusión social ou en situación de vulnerabilidade có fin de facer efectiva a igualdade de oportunidades, promovendo a súa autonomía e inserción laboral.

Os **obxectivos específicos** son:

1. Apoiar e asesorar ás mulleres na súa loita por superar as desvantaxes e conflitos xurdidos na súa maternidade (falla de rede de apoio ou recursos económicos, perda de emprego ou estudos, marxinación, vítima de maltrato, ...) con medios coma: información e orientación, apoio emocional e psicolóxico, acompañamento no embarazo e lactancia, apoio na busca de emprego, axuda material, etc.
2. Sensibilizar e difundir ante a opinión pública a necesidade de apoiar ás mulleres embarazadas e nais vulnerables. Promover a concesión de axudas públicas á maternidade.
3. Cubri-las necesidades básicas das mulleres e dos seus fillos/as, até os 3 anos. O que inclúe o coidado da infancia máis desfavorecida.
4. Prestar especial atención ás mulleres migrantes, novas, vítimas da violencia ou da trata, con necesidades especiais, que sofren abandono, etc. No caso das estudantes, procurar tódolos medios para compatibiliza-la maternidade cos seus estudos.

5. Crear unha rede de voluntariado que atenda persoalmente ás nais.
6. Colaborar e coordinar o apoio ás nais coas entidades públicas e privadas que ofrecen recursos específicos.
7. Proporcionar apoio psicolóxico, e promover programas de educación afectivo sexual, conciliación e coresponsabilidade.

### 1.3 Beneficiarias/os dos servizos

- a. Toda muller xestante ou nai recente vulnerable (con fillos/as menores de 3 anos) residente na provincia de Pontevedra que precise apoio na súa maternidade, e até os 3 primeiros anos de vida da/o súa/seu filla/o.
- b. Os seus fillas/os, e indirectamente outros membros da unidade familiar.

### 1.4 Socios/as

A asociación conta con 69 socios, dos cales aproximadamente o 90% son mulleres.

### 1.5 Recursos materiais e humanos no 2025

Recursos materiais:

- **Centro REDMADRE de Vigo**, sito na rúa Alexandre Bóveda 10, Baixo F.
- **Centro REDMADRE de Pontevedra**, sito na rúa Benito Corbal 47, 3º Oficina 2. En cesión de uso por a Xunta de Galicia.

Recursos humanos:

- 1 traballadora social con contrato indefinido e 17 anos de antigüidade.



- 1 psicóloga con contrato indefinido e 16 anos de antigüidade.
- 6 persoas voluntarias profesionais (pediatra, avogado, matrona, nutricionista, enfermeira...). Se ben á súa colaboración sempre é puntual e restrinxida ao seu ámbito de traballo.
- 13 persoas voluntarias: de acompañamento a xestantes e nais; colaboradores na recollida, xestión e achegas de produtos ás nais; de apoio administrativo e en eventos solidarios.
- O noso agradecemento ao voluntariado, que é imprescindible para atender ó número de mulleres que solicitan o noso apoio.

## 2 PROGRAMAS

### 2.1 Resumo

Desde o ano 2008 a asociación leva desenvolvendo o programa **Nais e Fill@s** (abreviado coma **Nais**). Se dirixe a mulleres xestantes e nais recentes vulnerables proporcionando as medidas de apoio psicosocial que precisan, co obxectivo de que acaden a autonomía persoal: información, derivación a centros de acollida ou emerxencia, se é preciso); apoio profesional (psicolóxico, legal, de orientación laboral, procura de emprego), mediación familiar, formación, etc.

No 2021 se creou o sub-programa **Agarimo**, enfocado ao apoio ás nais no coidado e atención dos fillos/as, especialmente os máis cativos, con accións como apoio emocional e acompañamento antes e despois do parto, formación no coidado do bebé e na saúde materno-infantil, mellora do vínculo nai-fillo, etc.

En Nais colaborou no 2025 a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade (Consellería de Política Social e Igualdade) da **Xunta de Galicia**, e a partires do outono, a **Fundación La Caixa e ENCE**.

Dendo o 2016, REDMADRE Pontevedra comezou a desenvolver o programa **ANXELA**, de axuda de emerxencia a familias en risco de exclusión, para cubrir as súas necesidades básicas de alimentación, hixiene, roupa e aveños de bebé. Neste programa colaborou no 2025 a Dirección Xeral de Inclusión Social (Consellería de Política Social e Igualdade) da **Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra**. Tamén deron apoio material a

**EMBARAZADA?**  
Benvida ó **PROXECTO**  
**NAIS e FILL@S!**

**OBXECTIVO**  
Prestar atención integral a mulleres xestantes e lactantes en situacións de especial vulnerabilidade, ate acadar a autonomía e co fin de garantir a súa igualdade real de oportunidades.

**ACTUACIÓNS**

- Orientación e información sobre recursos singularizados de atención e asesoramento persoal e social. Apoio directo nas relacións con outras entidades que faciliten o proceso de integración social.
- Atención psicolóxica e apoio emocional.
- Asesoramento xurídico.
- Acompañamento e mediación familiar.
- Actividades para a adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade.
- Apoio, orientación laboral e acompañamento na busca de emprego, intermediación e titorización laboral.

asociación pontevedra  
**REDMADRE**  
NUNCA ESTARÁS SOLA

Co-financiado pola Unión Europea

Fondos Europeos

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Fundación REDMADRE, a Fundación Filomena Rivero, os Bancos de Alimentos de Vigo, Pontevedra e Rías Baixas, farmacias, parroquias, empresas Foque y el Patio de Hugo, entre outros.

### 2.2 Resumo Actuacións do Programa Nais/Agarimo

- a) Orientación e información sobre os recursos públicos e privados de apoio a maternidade, de acordo a súa situación e lugar de residencia, e seguimento.
- b) Sub-programa Agarimo. Atención bio-psico-social no embarazo e lactancia. Inclúe

acompañamento e apoio emocional, formación na saúde e coidado do bebé, atención psicolóxica, e mediación familiar.

c) Asesoramento laboral, legal e administrativo.

c) Realización das achegas programadas, seguimento e medición da evolución da situación da familia con respecto ao medido inicialmente.

Nesta etapa colabora tamén o voluntariado: preparando os produtos para cada familia, procedendo a súa achega, elaborando kits de recién nado, recollendo os produtos doados por os Bancos de Alimentos, empresas e particulares, etc.

d) Saída do programa ou prórroga revisable, até 1 ano, salvo circunstancias especiais. Avaliación do Programa.



d) Apoio na formación en adquisición de habilidades persoais e sociais (obradoiros formativos).

e) Apoio na formación e a (re)integración social e laboral (obradoiros formativos).

### 2.3 Resumo Actuacións do Programa ANXELA

a) Avaliación da situación inicial da familia, definición das necesidades materiais e definición do fin do programa (acceso ó programa Nais, colaboración con outra entidade ou axuda temporal de emerxencia).

b) Elaboración dun programa temporizado de achegas de produtos ás familias.

As mulleres proceden dos sistemas de detección e acceso seguintes:

- Derivacións de servizos sociais comunitarios ou areas sanitarias.
- Entidades de iniciativa social.
- Por contacto directo (telefónico e RRSS).
- Difusión a través de medios de comunicación.
- Información de outra beneficiaria ou do voluntariado.

### 2.4 Fases do Programa Nais

#### Fase uno. Acollemento

Neste primeiro contacto, a traballadora social recibe á muller nun dos nosos centros, onde cumprimenta a ficha social.

*Fase dous. Reconstrución da demanda*

Valórase a demanda explícita e implícita, para a posterior confección dun plan de traballo personalizado e integral (PSP) acordado coa da nai.

Se identifican dous grados de atención: grado un, para as mulleres que precisan acompañamento a través do programa Agarimo; grado dous, para aquelas que non o precisan pero sí un seguimento periódico.

*Fase tres. Metodoloxía de traballo*

Levarase a cabo mediante a exposición das condicións fundamentais e formas de traballo da asociación.

*Fase catro. Realización do plan de traballo*

O técnico da asociación elaborará o programa persoal ou plan de traballo (PSP), de forma consensuada coa usuaria, que detallará as medidas, a súa temporalización e prazos de seguimento.

*Fase cinco. Visita domiciliaria*

O técnico da asociación realizará, sempre que sexa preciso, unha visita domiciliaria para comproba-la situación da usuaria e realizar un informe social.

*Fase seis. Seguimento e supervisión*

Técnico e usuaria establecen de común acordo as reunións de revisión de obxectivos.



Nos casos no que sexa considerado necesario, asignaráselles voluntariado de acompañamento.

*Fase sete. Fin da relación e desvinculación*

Ao termino do PSP, cando se cumpran os obxectivos marcados, finalizará a intervención, a no ser que concorran circunstancias especiais. Obter retro-alimentación neste intre é moi importante para a mellora dos procedementos de traballo da asociación.

### 3 ASISTENCIA REDMADRE PONTEVEDRA 2025 EN CIFRAS

Dende Xaneiro ata Decembro de 2025, a REDMADRE Pontevedra atendeu un total de **296 mulleres** xestantes e nais recentes, das cales 216 integráronse nos nosos programas.

216 mulleres se integraron en programas:	Mulleres	%
Participaron en Nais 2024/2025:	<b>192</b>	89%
Participaron en Anxela 2025:	<b>181</b>	84%

Total de persoas integradas programas	
Mulleres:	<b>216</b>
Homes:	<b>165</b>
Nen@s:	<b>373 (244 &lt; 3 años; 129 &gt; 3 años)</b>
Outros familiares:	<b>20</b>
<b>TOTAL:</b>	<b>774 persoas</b>

IDADE:	< 16	16-20	21-25	26-30	31-40	> 40
	<b>0</b>	<b>7</b>	<b>37</b>	<b>73</b>	<b>89</b>	<b>10</b>
%	0%	3%	17%	34%	41%	5%

NACIONALIDADE:	España	Europa	África	Asia	Latinoamérica
	<b>49</b>	<b>1</b>	<b>7</b>	<b>0</b>	<b>159</b>
%	23%	0%	3%	0%	74%

**Concellos de residencia:** Vigo; Pontevedra; Poio; Vilagarcía; Redondela; Caldas de Reis; Ponteareas; Marín; A Cañiza; Cangas; Tui; Bueu; O Grove; Porriño; Cambados, Vilanova; Sanxenxo; Baiona; Moaña; Forcarei; Soutomaior; O Rosal; Mondariz.

FORMA DE CONTACTO:	Boca a boca	Atendida anteriormente	RRSS	Derivadas Servizos Sociais, ONXs, etc.
	<b>113</b>	<b>16</b>	<b>15</b>	<b>72</b>
%	52%	8%	7%	33%

Mulleres XESTANTES:	sen fillos/as	con fillos/as
	<b>33</b>	<b>32</b>
%	15%	15%

- TOTAL DE NAIS RECENTES: **151 (70 %)**

MATERNIDADE:	Durante 2025	Previstos
	<b>53</b>	<b>12</b>
%	82%	18%

APOIOS:	Con apoio familiar	Sen apoio familiar	Con apoio da parella	Sen apoio da parella	Sen apoio da familia nin da parella
	<b>115</b>	<b>101</b>	<b>165</b>	<b>51</b>	<b>24</b>
%	53%	47%	76%	24%	11%

SITUACIÓN LABORAL:	Desempregada	Desempregada de longa duración	Inactiva, integrada nos sistemas de educación	Inactivas, non integradas nos sistemas de educación	Con emprego
	<b>29</b>	<b>7</b>	<b>13</b>	<b>144</b>	<b>23</b>
%	13%	3%	6%	67%	11%

FORMACIÓN:	Co estudos de ensino primario ou secundario	Co segundo ciclo de ensino ou con ensino postsecundario	Co ensino superior ou terciario
	<b>79</b>	<b>91</b>	<b>46</b>
%	37%	42%	21%

ACTUACIÓNS:	Información, orientación e asesoramento.	Actividades para adquisición de habilidades persoais e sociais.	Apoio e orientación laboral
	<b>216</b>	<b>116</b>	<b>86</b>
%	100%	54%	40%

ASISTENCIA:	Axuda material	Atención emocional e/o psicolóxica	Asistencia legal	Mediación familiar
	<b>181</b>	<b>67</b>	<b>11</b>	<b>28</b>
%	84%	31%	5%	13%

AXUDA MATERIAL:	Cueiros	Leite maternizada	Leite fresca	Alimentos infantís (cereales y potitos)	Alimentos infantís (cacao y galletas)
	<b>1.082 paquetes 54.100 unidades</b>	<b>609 botes</b>	<b>3.451 litros</b>	<b>1.372 Kg</b>	<b>633 Kg</b>
% NAIS:	100%	80%	60%	90%	60%

Roupa e calzado infantil	Aveños infantís	Kits recién nado	Lotes de Hixiene
<b>148 lotes</b>	<b>118 aveños</b>	<b>49 cestas</b>	<b>339 lotes</b>
40%	40%	30%	75%



O voluntariado de REDMADRE Pontevedra.

#### 4 OUTRAS ACTIVIDADES

A maioría, no marco dos programas.

- **Impartición de obradoiros formativos do programa Nais.**

Así, os centros REDMADRE de Vigo e Pontevedra acolleron obradoiros impartidos por voluntariado profesional: búsqueda activa de emprego, saúde materna, lactancia, saúde e coidado do bebé, dixitalización, etc.



- Preparación e entrega por o voluntariado de 49 kits de recém nado.
- Reunións de coordinación con outras asociacións REDMADRE galegas.



- Reunións de coordinación con outras entidades locais colaboradoras (AYUVI, etc).
- Actividades de difusión dos programas e captación de socios/as nas RRSS.
- Asistencia en Madrid ao XVI encontro das asociacións REDMADRE organizado por a Fundación REDMADRE.

- Formación continua de los técnicos da asociación e o voluntariado.

- A Fundación REDMADRE fixo unha campaña de achegas de mochilas con produtos infantiles en todo o territorio nacional. Tamén de doazón de cueiros. Familias atendidas por REDMADRE Pontevedra se beneficiaron desas campañas.



XVI Encontro de asociacións REDMADRE en Madrid. Asociacións galegas.



## 5 ENTIDADES COLABORADORAS

Co fin de cumprir os nosos obxectivos, a Asociación REDMADRE Pontevedra mantén relacións de colaboración/coordiación continua coas institucións públicas, con fundacións e ONXs, e conta co xeneroso apoio dos socios/as e doantes, particulares e empresas. Cada un deles colabora de xeito diverso co noso labor social facendo posible que xuntos poidamos levar adiante os nosos programas.

### ENTIDADES PÚBLICAS, PRIVADAS E DE INICIATIVA SOCIAL

Durante o 2025, as entidades colaboradoras (con apoio financeiro ou de recursos materiais) foron:

- A Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e a Dirección Xeral de Inclusión Social, Consellería de Benestar Social e Igualdade, da Xunta de Galicia.
- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.
- O Fondo Social Europeo.
- A Deputación de Pontevedra.
- La Fundación la Caixa.



- A Fundación REDMADRE, a Fundación Filomena Rivero e a Fundación Conchita Regojo.
- Os Bancos de Alimentos de Vigo, Pontevedra e Rías Baixas.
- Empresa Coverwind Solutions.
- Empresas Foque e o Patio de Hugo.

Outras entidades de iniciativa social (colaboración, coordinación e derivacións mutuas) foron:

- Cruz Vermella Vigo e Pontevedra, Cáritas, Fundación Juan Soñador (Teranga), Fogar Santa Isabel, Fundación Meniños, ACCEM, Alborada, AYUVI, Secretariado Gitano, Escuelas Infantís, Faraxa, Diversidades Acolle, Boa Vida, entre outros.



Cofinanciado pola  
Unión Europea



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



Deputación  
Pontevedra



Fundación "la Caixa"

Plan Social  
compromiso *ence*  
*coa sociedade*



## 6. MEMORIA ECONÓMICA

Memoria económica do último exercicio pechado.

### *Cuenta de Pérdidas y Ganancias*

Empresa: ASOCIACION RED MADRE PONTEVEDRA

Periodo: de Enero a Diciembre

Fecha: 04/06/2025

Cuenta de Pérdidas y Ganancias		2024
1. Importe neto de la cifra de negocios		22.022,22
70000000 INGRESOS CUOTAS		10.602,22
70000001 CENA SOLIDARIA		3.040,00
70000003 LOTERIA NAVIDAD		3.380,00
70000005 DONATIVOS		5.000,00
5. Otros ingresos de explotación		39.535,61
74000010 SUBV DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA		4.793,22
74000015 SUBV XUNTA GALICIA BS631A		16.140,00
74000016 XUNTA DE GALICIA SI427A		18.602,39
6. Gastos de personal		-32.725,09
64000000 SUELDOS Y SALARIOS		-24.706,32
64200000 SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE LA		-8.018,77
7. Otros gastos de explotación		-22.451,54
62500000 PRIMAS DE SEGUROS		-726,07
62600000 SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARE		-423,84
62700000 DIFUSION		-123,42
62800000 SUMINISTROS		-287,52
62800004 AGUA		-331,98
62900000 OTROS SERVICIOS		-10,60
62900002 BANCO DE ALIMENTOS		-120,00
62900003 LOTERIA NAVIDAD		-2.840,00
62900012 COMUNICACIONES		-1,40
62900014 CP ALEXANDRE BOVEDA		-420,00
62900015 DESPLAZAMIENTOS		-55,12
62900028 SUPERMERCADO/ALIMENTACION		-12.205,27
62900029 SERVICIOS EXTERIORES		-66,55
62920000 TELEFONÍA R CABLE		-567,70
62930000 ASESORIA		-931,70
62940000 GASTOS CENA SOLIDARIA		-3.009,00
62980000 MATERIAL OFICINA		-57,38
63100000 OTROS TRIBUTOS		-273,99
8. Amortización de inmovilizado		-89,93
68160000 DOT. AMORT. MOBILIARIO		-89,93
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>		<b>6.291,27</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS</b>		<b>6.291,27</b>
<b>D) RESULTADO DEL EJERCICIO</b>		<b>6.291,27</b>

## O NOSO AGRADECIMENTO A TODAS AS PERSOAS E ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS QUE FAN POSIBLE O NOSO LABOR SOCIAL

En Vigo, a 31 de Marzo de 2026

Asdo.: Carmen Areses  
Presidenta de REDMADRE Pontevedra

### Comunicación

#### *Datos de contacto*

Tel. REDMADRE Pontevedra: 659 772 373 / 986 192 432

Correo-e: [pontevedra@redmadre.es](mailto:pontevedra@redmadre.es)

Web: [redmadre.es/galicia](http://redmadre.es/galicia)

Facebook/Instagram: FUNDACIÓN REDMADRE

Twitter: @RedMadreFunda

